

efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 4 de maio de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1139

---

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Sober por Resolución de Alcaldía de 22.04.2022, aprobou as "BASES XERAIS QUE REXERAN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL PARA O CONCELLO DE SOBER, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ANO 2022", QUE SE PUBLICARON NO BOP DA PROVINCIA DE LUGO N1º 98 EN DATA DE 30/04/2022

Así mesmo, este Concello por Resolución de Alcaldía de 04.05.2022, aprobou a convocatoria para cubrir unha praza de técnico-a en turismo (Grado ou diplomado-a en turismo), subvencionada a través do Programa de Fomento do Emprego da Deputación Provincial de Lugo. Dentro do Plan Provincial Único ano 2022.

\*Modalidade contratación: A modalidade de contrato será laboral temporal e a súa duración será de 3 meses na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32-2021.

\*Xornada: Media xornada.

\*Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

\*Salario: O estipulado no correspondente convenio.

\*Funcións: As que se especifican nás Bases antes citadas.

As Bases atópanse dispoñibles en:

\*Páxina Web: [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com)

\*Oficinas xerais e taboleiro de anúncios concello de Sober.

Sober 4 de maio de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1140

---

### TABOADA

#### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO BOLSA DE RESERVA PARA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 05.05.2022 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 05.05.2022 aprobou as bases para ampliación de bolsa de reserva para cubrir baixas ou vacacións do SAF.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Xornada: completa.
- Salario e seguridade social: 1.166,67 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Funcións: Atencións doméstica, Atencións persoais, Axuda ás persoas dependentes.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no xornal no Boletín oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada